

***O Comité Nacional de UGT-Galicia avoga por máis protección social, negociación colectiva para garantir o poder de compra, políticas industriais e enerxéticas sólidas e un correcto aproveitamento dos fondos europeos***

## CELÉBRASE O 3º COMITÉ NACIONAL DE UGT-GALICIA

**Redacción.-** Este mércores reuniuse no Hotel Congreso (Teo) o 3º Comité Nacional de UGT-Galicia, máximo órgano de dirección do Sindicato entre congresos, no que a Comisión Executiva de UGT-Galicia e representantes das tres federacións de nacionalidade e das unións comarcais debateron sobre a situación laboral, económica e social actual e sobre as propostas de traballo para os vindeiros meses.

No eido internacional o Comité condenou os retrocesos democráticos a nivel global e alertou sobre as previsións dunha guerra longa e cruenta en Ucraína.

### O Comité chama á participación na manifestación do 12 de SOS Sanidade Pública

Xa no eido económico, fíxose fincapé nas elevadas taxas de inflación que se rexistran, cunha presión na eurozona que acadou en decembro os 9,2 puntos, en España esta quedou no 5,7%. Esta moderación é grazas ao comportamento do prezo dos produtos enerxéticos ou as medidas de axuda ás persoas consumidoras que deben ser postas en valor. Precisamente, neste contexto UGT reivindica o papel dun Estado forte garante dos dereitos da cidadanía. Que é, precisamente, o que demanda a sociedade, sendo unha boa mostra disto as mobilizacións en defensa da sanidade pública que se están a suceder por toda a xeografía nacional. Neste senso, o Comité Nacional chama á participación na mobilización do 12 de febreiro de SOS Sanidade Pública en Santiago en defensa da atención primaria en Galicia.

O Comité insistiu en que é necesario apostar por máis protección social e máis intervención pública. Son liñas políticas imprescindibles, como xa se apuntou, a redución dos efectos da inflación e manter un sostido incremento da presión impositiva sobre as empresas e persoas con maior capacidade.

Tamén hai que seguir insistindo nas reformas normativas axeitadas que si teñen



efectos, como así o demostrou a Reforma Laboral, que permitiu un descenso do desemprego e a mellora da súa calidade, aínda así, hai que seguir traballando nesta liña, xa que en Galicia aínda hai 142.222 persoas en situación de desemprego e case 50.000 destas están en situación de paro de longa duración.

### Urxe un AENC que de estabilidade para garantir mellores condicións salariais e de emprego. Os salarios soben un 2,6%, os prezos un 6% e as marxes de beneficios son dun 42,3%

O Comité puxo en valor o papel da negociación colectiva como elemento esencial de redistribución da riqueza das economías. Nesta liña, o Sindicato denuncia o bloqueo da negociación colectiva imposto pola postura da patronal e demanda a volta á senda da negociación para acadar un AENC que de estabilidade e seguridade ás empresas e aos traballadores e traballadoras para avanzar en mellores condicións salariais e de emprego. Non se pode esquecer que en España os salarios subiron en 2022 unha media dun 2,6%, fronte a uns prezos que medraron case o 6% e que somos o cuarto país onde menos soben os salarios. Isto sorprende cando as marxes de beneficios son dun 42,3%.

Dende o Comité tamén se demandou unha reactivación do diálogo social, que foi clave para dar unha resposta social á crise, para dar resposta aos problemas sen resolver. Urxe un pacto de Estado pola enerxía, máis aló do ciclo político, que dote de estabilidade ao sector e garanta a competitividade industrial; así como un pacto de Estado pola industria e unha Lei de industria para que esta supoña, polo menos, o 20% do PIB.

En canto ao SMI, demándase a recuperación no 2023 do seu valor real como instrumento básico de capacidade adquisitiva de acordo cos obxectivos da Carta Social Europea.

En canto á conxuntura de Galicia, o Comité saúda os bos datos de crecemento da actividade económica, o que se traslada a unha mellora da ocupación, aínda que hai que salientar que esta Comunidade mantense entre as que teñen menores taxas de actividade, tan só Asturias presenta unha situación peor. Ademais hai que apuntar que a reactivación da ocupación non é homoxénea, a mellora concéntrase no sector servizos, pesca e construción, fronte aos descensos en industria manufacturera e agricultura. Tamén mellora a calidade do emprego, os temporais representan o 18,3%, cando o nivel pre-pandemia era do 27%. O que si continúa é a elevada desigualdade entre homes e mulleres, mais

das tres cuartas partes do emprego parcial corresponde ás mulleres.

## **Modernización políticas activas de emprego e máis atención á sinistralidade laboral, os accidentes mortais medraron en Galicia un 40,81%**

As cifras ratifican que a calidade do emprego, grazas á Reforma Laboral, mellora pero hai que continuar nesta liña de traballo, para o que o Comité Nacional de UGT-Galicia aposta pola modernización das políticas activas de emprego. No mercado laboral tamén existe outra lacra á que hai que atender urxentemente porque os datos son alarmantes. Entre xaneiro e novembro de 2022 faleceron en Galicia 69 persoas en accidente laboral, un incremento do 40,81% en relación ao mesmo período de 2021, cando se rexistraron 49 falecidos. De feito, Galicia é a segunda comunidade co índice de incidencia de accidentes mortais máis elevado. As políticas preventivas non están a dar o resultado esperado e os datos tamén evidencian que en moitos casos estase a incumprir a normativa en materia de prevención por parte das empresas. Tamén chegou o momento de revisar a Lei de Prevención de Riscos Laborais para adaptala ás novas realidades e articular un plan de choque, así como reforzar a Inspección de Traballo.

## **A Xunta debe asumir as súas competencias en política industrial ante as ameazas ao sector**

O Comité insta á Xunta a que asuma as súas competencias en política industrial, xa que é un sector con datos preocupantes que ten que facer fronte a ameazas e incertezas derivadas da falta de carga de traballo, elevado prezo da electricidade ou do gas, carencia de compoñentes ou proceso de transformación enerxética. Isto fai inaprazable a posta en marcha dunha política industrial que aposte por actividades de alto valor engadido e que aborde o problema enerxético.

UGT-Galicia tamén se compromete a estar vixiantes para garantir a efectividade dos fondos europeos que deben servir para paliar os continuos déficits en aspectos básicos como servizos públicos, tecido industrial, I+D+i, despoboamento do rural, brecha de xénero e dixital...

## **O Comité esixe a revisión dos contratos de obras e servizos asinados polas administracións para que, ante a suba dos prezos, se garantan a prestación dos mesmos e as condicións laborais dignas das persoas traballadoras**

## **que os executan**

A escalada inflacionista tamén está a afectar aos contratos de obras e servizos asinados polas administracións, polo cal, UGT-Galicia demanda a súa revisión xa, primeiro, para garantir que as obras e servizos se poidan executar e prestar dentro dos parámetros establecidos, e, segundo, para garantir unhas condicións laborais dignas e a actualización dos salarios dos traballadores e traballadoras que están a cargo da execución destas obras ou a prestacións dos servizos.

## **Demandas en materia enerxética**

En materia enerxética, o Comité demanda o cumprimento íntegro do “Acordo por unha transición enerxética xusta para as centrais térmicas en peche: o emprego, a industria e os territorios” que afecta en Galicia a Meirama e As Pontes. A posta en marcha do acordo debe converterse na ferramenta que posibilite a xeración de emprego e creación de actividade industrial nas áreas afectadas, garantindo con elo a xustiza social que estes territorios e os seus traballadores e traballadoras merecen.

O Comité tamén aposta porque Galicia se posicione como rexión estratéxica e pioneira cara a descarbonización do seu sistema económico, permitindo sinerxias de desenvolvemento industrial que faciliten novas rendas e postos de traballo sostibles, coa obriga de facelo respectando as demandas sociais que buscan unha axeitada protección do medioambiente e do rural.

Para o Sindicato, é tan disparatado pretender o desenvolvemento indiscriminado de toda a potencia eólica que se ten solicitado en Galicia, como o é unha prohibición total de novos desenvolvementos eólicos. Os novos parques que se autoricen deben ter valor engadido, integrando a enerxía que se produza co sistema productivo galego, tanto no sector primario como no industrial, na xeración de emprego e de contido local en todos os proxectos. Nesta liña, sería decisivo un consenso de país no que UGT xa se atopou co PSdeG e tamén no desenvolvemento da Alianza galega para a produción de hidróxeno verde nesta Comunidade.

## **Orzamentos Xunta 2023**

Analizáronse tamén os Orzamentos da Xunta para o 2023 que recollen un incremento do 8% que pode chegar a resultar cativo tendo en conta a escalada de prezos. Tamén se observa unha aposta desigual por áreas. En promoción do emprego e institucións do mercado de traballo soben un 12,1%; en sanidade un 8,4%; pero noutras grandes áreas como educación tan só o fan

nun 3,7%.

Aínda así, en sanidade, ante a crítica situación que se vive en Galicia neste eido, de seguro, este aumento vai ser insuficiente e, ademais, persiste un dos graves problemas que soporta o sistema público de saúde e o sociosanitario, a carencia de profesionais, determinada en orixe por unha falla de planificación na formación universitaria e de formación profesional sanitaria. Limitase con “números clausus” o acceso a formación e posteriormente o acceso a formación especializada, así a oferta formativa non cubre a demanda, se colapsan os servizos e se dificulta o exercicio de dereitos básicos de descanso e permisos dos actuais profesionais por falta de persoal, o que de non corrixirse levará ao sistema público ao colapso. A situación é crítica pero empeorará de non modificarse ante a previsión de xubilacións, polo que urxe unha planificación dende a base da oferta formativa de grado e especializada e de formación profesional.

O Comité Nacional de UGT-Galicia considera que as contas públicas galegas deberían dar resposta ás profundas dificultades que atravesan as familias galegas, provocadas polas subas dos prezos. É o momento de corrixir as grandes desigualdades que está a ocasionar a espiral inflacionista. Corrixir o risco de pobreza e exclusión social. Baixo estas premisas, non parece moi axeitado que o Goberno galego decida diminuír o imposto de patrimonio que, claramente, beneficia a uns poucos.

O Orzamento baséase nunha previsión de incremento da imposición, tanto directa como indirecta, demasiado optimista, xa que esta vai estar moi condicionada pola capacidade de consumo e de investimento das empresas.

E, por outra banda, a previsión do cadro macroeconómico que, evidentemente, condiciona o orzamento, tamén resulta demasiado optimista. Faise unha previsión de incremento do PIB para o 2023 do 1,7%. No anterior orzamento esta previsión era do 6% para o 2022, que mudou ata o 3,6%.

A UGT-Galicia tamén lle preocupa a acumulación da débeda, que caracteriza de novo a estas contas, sobre todo, tendo en conta a debilidade que neste momento existe sobre os tipos de xuro. A débeda acumulada presenta un crecemento espectacular dende o ano 2008. De 3.954 millóns a 11.824 millóns de euros no segundo trimestre do ano 2022, o que supón triplicala. Así, de representar esta o 6,7% do PIB, pasa ao 17,7%.

## **UGT-Galicia vai levar ao CGRL unha declaración de condena pola disolución do servizo de**

## mediación e arbitraje en Castela e León e tamén demanda que as mulleres poidan abortar libremente en Castela e León

Por outra banda, o Comité anunciou que vai levar ao Consello Galego de Relacións Laborais unha declaración de condena e repulsa pola decisión do Goberno de Castela e León de disolver o servizo de mediación e arbitraje desta Comunidade (SERLA), o que, para UGT, é un unha vergoña, suprimir un organismo que está funcionando, dando resultados moi positivos para as empresas e persoas traballadoras, que se converte nun dos piares fundamentais das relacións laborais de Castela e León, e que se cuestiona agora por ra-

zóns ideolóxicas. Non se pode esquecer que este servizo resolve recursos de xeito colectivo que non teñen que ir aos xulgados do social.

O Sindicato tamén denunciou a limitación ao dereito ao aborto que pretende establecer o Goberno de Castela e León e lembra que hai unha lexislación estatal que a Xunta de Castela e León ten que cumprir. Unha lexislación que permite ás mulleres, ante unha situación tan dramática como é a de interromper un embarazo, que o poidan facer libremente.

### Denuncia persecución sindical en GRI Towers Galicia

O Comité tamén denunciou a situación que están a vivir cinco traballadores en GRI Towers Galicia, empresa emprazada en Uceira (Ourense), que, pola súa participación activa na folga do siderometal da provincia de Ourense, están a sufrir agora as consecuencias sendo vítimas dunha situación de persecución sindical que xa foi denunciada polas vías xudiciais correspondentes. Ao respecto, o Comité denuncia este tipo de represalias por parte das empresas, polo simple feito de defender as persoas traballadoras unhas condicións laborais dignas e exercer libremente o dereito a folga, e amósalle o seu respaldo aos afectados.

***Incrementase o número de fogares con dificultades, con todos os activos no paro ou sen ingresos. Urxe máis protección social***

## A REFORMA LABORAL MELLORA DRÁSTICAMENTE A CALIDADE DO EMPREGO

***O emprego crece no ano pero aínda son necesarios cambios de calado nas políticas activas de emprego e actuacións para manter a actividade económica e o poder adquisitivo dos salarios***

**Redacción.-** Os datos da EPA do cuarto trimestre de 2022 mostran dúas cuestións: por unha banda, o impacto da desaceleración económica actual no mercado de traballo, nun contexto moi complicado; e por outro, que se mantén a continua mellora da calidade do emprego inducida pola última reforma laboral, que está a cambiar a mellor o paradigma de contratación no noso país. En todo caso, o número de persoas ocupadas segue crescendo a un ritmo anual do 1,2%, o que supón 13.200 persoas máis. E no que respecta á temporalidade, a taxa sitúase no 16,6%, 7,7 puntos porcentuais menos que hai un ano.

En resumo, o comportamento do mercado laboral en 2022 medido pola EPA lanza uns resultados favorables, sobre todo tendo en conta que o conflito bélico en Ucraína trastornou todos os prognósticos sobre crecemento económico e do emprego. Prognósticos como o que fixo Funcas en xaneiro de 2022, que estimaba que o PIB ía crecer no devandito ano un 5,6% e que a taxa de paro ía situarse no 14,0% no Estado. Inmediatamente despois do shock que supuxo a invasión, a previsión do PIB reduciuse a un 4,2%, mentres que a taxa de paro mellorou a súa previsión, cifrándose nun 13,8% (10,6% en Galicia), algo que se debe á fortaleza que mostraba o emprego fronte á incerteza, grazas en gran parte á reforma laboral.

En global, a ocupación tamén aumentou, e nos datos de contratación que ofrece o SEPE apréciase que prosegue o cambio de tendencia sendo o contrato indefinido agora moito máis habitual. Este incremento tamén se observou na EPA, onde no cuarto

trimestre de 2022 hai 79.900 asalariados indefinidos máis que no mesmo trimestre do pasado ano (11,9% máis), mentres que os temporais reducíronse en 65.900 (-30,6%).

Estes datos da EPA completan a imaxe do conxunto de 2022, evidenciando que a calidade e cantidade no emprego é mellor agora que antes da reforma laboral. Con todo, o mercado laboral adoece aínda moitos problemas que requiren solucións. Un deles é o paro de longa duración, que neste último trimestre situouse en 47.000 persoas.

Hai que afrontar aínda moitas debilidades do mercado laboral

A pesar de que esta porcentaxe reduciuse lixeiramente, segue sendo un problema latente, e, por desgraza, a Lei de Emprego recentemente aprobada non vai supoñer un cambio de 180 graos en primeiro lugar, porque non se baseou no diálogo social, pero, ademais, porque non introduce unhas Políticas Activas de Emprego á altura das necesidades das persoas paradas de longa duración.

Outro dos retos é a regulación do custo de despedimento en España, por iso UGT presentou unha demanda en Europa e,



mentres é resolta, espera poder negociar proximamente co Goberno para que estes custos sexan xustos e dignos.

En definitiva, o emprego mostrou signos indiscutibles de mellora, pero sen alcanzar as súas condicións óptimas, para o que fai falta introducir cambios de calado nas Políticas Activas de Emprego, así como un apoio decidido ás políticas fiscais que se orientan a manter a actividade económica e o poder adquisitivo das persoas con menos recursos nun momento no que a inflación segue sendo un problema importante.

### Radiografía da EPA en Galicia

Os datos amosan que hai en Galicia 13.200 ocupados máis con respecto ó mesmo trimestre do ano anterior (un 1,2%)

*Continúa na páxina seguinte...*

...vén da páxina anterior.

e, en relación ó terceiro trimestre de 2022, hai unha baixada da ocupación, con 9.300 persoas menos.

Aínda así, aínda que a EPA amosa unha certa remisión dos efectos da pandemia, Galicia segue presentando peculiaridades dun mercado laboral pouco dinámico, cunha taxa de actividade de tan só o 52,7%, fronte ó 58,5% do resto do Estado. Ademais, esta taxa baixa en relación hai trimestre anterior, cando era do 53,3%.

Interanualmente, o paro baixou en 3.700 persoas, o que supón o 2,7%. E, en relación ó trimestre anterior, o paro baixou un 0,8%, en 9.300 persoas.

Así, a taxa de paro queda en Galicia, con 131.400 persoas desempregadas, no 10,6%. No caso dos homes esta taxa é do 9,8% e do 11,5% no caso das mulleres. Entre os menores de 25 anos esta sube ata o 30,3%.

Por sectores, o emprego mellora na agricultura e pesca, cunha suba da ocupación dun 3% (2.100 ocupados máis) e no

sector servizos, cun aumento do 0,1% (500 ocupados máis). Pola contra, na industria baixa nun 4% (6.800 ocupados menos), e na construción, nun 6,7% (5.000 ocupados menos). En relación ao mesmo trimestre do ano anterior, a ocupación sube na agricultura e pesca (7,7%) e no sector servizos (2,6%). Baixa na industria (6,2%) e na construción (1,8%).

Hai en Galicia un total de 898.200 asalariados, diminuindo con respecto ó trimestre anterior en 13.400 (1,5%), e ó ano soben en 13.900 (1,6%).

A reforma laboral segue a dar os seus froitos cunha taxa de temporalidade que mellora e moito. Cae ata o 16,6%, case en dous puntos en relación ao trimestre anterior, cando era do 18,3%. Dáse un aumento no trimestre da poboación asalariada con contrato indefinido, do 0,5%, e unha caída dos temporais, dun 10,4%. No ano tamén comeza a notarse a estabilidade do emprego, aumentando a poboación asalariada con contrato indefinido nun 11,9% e baixando a temporal nun 30,6%.

O que si hai que salientar é que a parcialidade segue a estar en niveis altos, do

14,3%, sendo o 46,9% da mesma de carácter involuntario.

Difícil situación para moitos fogares e 47.000 persoas que levan máis dun ano no desemprego. A protección social resulta imprescindible

Outro dos nubarróns da radiografía da situación do emprego en Galicia é a situación dos fogares e o paro de longa duración. Ambas situacións levan á vulnerabilidade de moitas familias.

Hai en Galicia un total de 52.300 fogares con, polo menos, unha persoa activa e nos que todos os seus membros activos están en desemprego. Esta cifra sobe en relación ao trimestre anterior, cando eran 50.800. E 29.300 fogares que non perciben ingresos. No trimestre anterior eran 24.700. Tamén hai unha suba significativa

Das 131.400 persoas que están no desemprego, 47.000 levan máis dun ano nesta situación.

Resulta evidente que o paraugas da protección social é imprescindible para que ninguén quede atrás neste país.

## CONSTITÚESE A MESA DE NEGOCIACIÓN ESTATAL EN INDITEX

**Redacción.-** O pasado mércores constituíuse a mesa de negociación estatal de Inditex con UGT e CCOO. Continuando así coas reunións que se celebraron xa no mes de novembro. A empresa anunciou que ía anticipar a partir deste mes un 3% do salario a conta de convenio, nos territorios onde o convenio colectivo está sen negociar. Aínda que a FeSMC-UGT non lle parece unha mala medida, considera que isto non é o importante da negociación debido a que non deixa de ser un anticipo.

Para UGT, o importante é:

**Incentivo especial (BONUS): 1000€ na nómina de febreiro que solicitamos desde UGT e acordouse o pasado 18 de novembro.**

Ampliarase un ano máis (tamén se cobrará en febreiro de 2024). Aclárase o que xa dicíamos desde UGT, cóbrano todas as tendas. As persoas que xa tiñan un incentivo anual, se este é inferior a 1000€ ou non o cobran, percibirán tamén os 1000€.

**Plus Inditex: un plus de 300€ que cobrarían todas as traballadoras das tendas de toda España.**

Inditex mostrouse receptiva a este plus, pero non entraron en cantidades.

### Comisións por venda.

Reforma do sistema.

**Axudas sociais: trasládanse as axudas sociais que xa existen noutras empresas do Grupo**

Veno positivo, queren falar delas pero encáixanas no plan de igualdade.

### Recoñecemento de categorías

Comprométense a falalo e recoñecelas, pero pola súa complexidade, despois desta negociación.

### Libranzas fins de semana e horarios

Tamén o encadran no plan de igualdade como medidas de conciliación.

**Prima de vinculación: primar a anti-vidade na empresa pagando 150€/mes.**



Neste punto non se comprometeron a nada, do mesmo xeito que a incentivar o traballo de tardes e de sábados, pero para UGT son puntos fundamentais da negociación.

**Domingos festivos: pagalo e compensalo igual en todos os sitios, mesmo onde é obrigatorio traballar.**

Tampouco se comprometeron a nada neste punto. Para UGT, isto é unha cuestión de igualdade e coherencia.

## CONTINUÁN AS MOBILIZACIÓNS DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS DOS SERVIZOS DA GRÚA E DA ORA NA CORUÑA EN DEFENSA DUN CONVENIO DIGNO

**Redacción.-** Esta semana os traballadores e traballadoras dos servizos da grúa e da ORA da Coruña continuaron co calendario de mobilizacións con concentracións fronte á sede de Setex Arparki, en demanda dun convenio digno, o luns, mércores e hoxe tamén.

O calendario de mobilizacións continuará o 30 de xaneiro e os días 1 e 3 de febreiro, mentres a empresa non mude a súa postura.

As negociacións do convenio xa se remontan a case un ano sen ningún



tipo de avance, xa que os traballadores e traballadoras reclaman un acordo digno que lles permita mellorar a seu poder adquisitivo e a última proposta

da empresa é claramente insuficiente.

Só apuntar que nos últimos dez anos a suba total non superou o 3%.

## CON MÁIS DE 7.300 MILLÓNS DE BENEFICIO, O SANTANDER NÉGALLES A SUBA SALARIAL PACTADA AOS TRABALLADORES

**Redacción.-** Os traballadores e traballadoras do Banco Santander mobilizáronse este luns en varias cidades, en Galicia fixéronno na Coruña, para esixir que a entidade cumpra coa subida salarial pactada para o ano 2023 pola perda de poder adquisitivo dos traballadores e traballadoras por mor da inflación.

Así, demandan o 4,5% pactado no “acordo de modificación do convenio colectivo” sectorial entre a AEB (Asociación Española de Banca), UGT, CCOO e FINE, e que o Santander négase a aplicar a unha parte considerable dos seus traballadores e traballadoras, optando pola absorción ou compensación a través dos complementos voluntarios.

FeSMC lembra que “estamos ante un dos sectores con máis beneficios, que vén



dunha reconversión brutal e que recibiu unha inxección de diñeiro público” nos anos da crise económica de 2008.

“É vergoñoso que unha entidade como

o Santander, que gañou máis de 7.300 millóns de euros nos 9 primeiros meses de 2022, estea racaneando unha subida salarial ás súas traballadoras e traballadores”, denuncia o Sindiato.

## Os traballadores e traballadoras da Inspección de Trabajo mobilízanse en demanda de máis medios

**Redacción.-** Os traballadores e traballadoras da Inspección de Trabajo protagonizaron este luns concentracións fronte ás sedes deste organismo e o mércores unha xornada de folga. Demandan máis medios e o incremento dunha plantilla mermada que está ao límite e que cada día ten que asumir unha maior carga de traballo e máis responsabilidades, control de plans de igualdade, falsos autónomos, a nova normativa que emana da reforma laboral....ademais das funcións que xa se viñan acometendo. Neste senso, demandan que se cumpra xa o Acordo de xullo de 2021.

En España hai un inspector por cada 15.000 traballadores, cando en países veciños como Francia ou Italia a relación é dun inspector por cada 5.000 traballadores. A OIT recomenda, como mínimo, un por cada 10.000.



## A XUNTA DÉBELLE AOS PROFESORES DA CONCERTADA CON 25 ANOS DE ANTIGÜIDADE MÁIS DE 10.000 EUROS

**UGT esixe actualizar o Decreto que regula os concertos e a mellora das condicións laborais, sociais e salariais dos 7.000 traballadores e traballadoras do ensino concertado en Galicia**

**Redacción.-** Este xoves, en Pontevedra, o responsable de Ensino privado e concertado de UGT a nivel estatal, Jesús Isidoro Gualix, e o seu homólogo en Galicia, José Antonio Míguez, ofreceron unha rolda de prensa na que analizaron a situación do ensino concertado en Galicia e as demandas dos seus máis de 7.000 traballadores e traballadoras.

Demandaron a actualización do Decreto que regula os concertos educativos e a mellora das condicións laborais, sociais e salariais dos 7.000 traballadores e traballadoras do ensino concertado en Galicia. Para conseguilo, o Sindicato propón un modelo de concertos máis pragmático que realmente se centre nos profesionais do sector e non no eterno debate entre as distintas redes educativas.

Gualix tamén denunciou que a Xunta non está a aboar a paga extraordinaria de antigüidade tras máis de 25 anos de servizo. Adeudan, polo menos, 30 millóns de euros, dende o ano 2010, o que implica que cada profesor que non perciba esta paga está a perder máis de 10.000 euros. A pesar de que este pago está regulado.

Ademais, denunciouse a importante fenda salarial que existe en relación ao ensino público. No caso da educación secundaria, a disparidade pode chegar

aos 600 euros tras a acumulación de dous sexenios.

As cargas horarias tamén son superiores. Na concertada, en secundaria, son 25 horas lectivas á semana. No eido público o máximo está en 20 horas. Evidentemente, ás horas lectivas súmaselle as de preparación, corrección, reunións, vixilancia, tutorías, recreos... Por todo isto, urxe incrementar o número de docentes nas aulas de concertada en Galicia.

Tamén o número de alumnos por aula adoita ser maior no ensino concertado, sobre todo, nos centros das cidades.

Por outra banda, na rolda de prensa denunciouse que a actual proposta da Xunta en materia de recolocación do profesorado que poida perder o seu emprego polo peche de unidades redúcese á creación dunha bolsa, sen garantías legais de mantemento de dereitos no caso da recolocación. Ademais, tamén se de-



manda un acordo de xubilación parcial.

Todos estes puntos tamén foron explicados polos responsables de concertada de UGT Servizos Públicos nunha asemblea de traballadores e traballadoras do ensino concertado que tivo lugar en Vigo, o xoves pola tarde.

## É NECESARIO UN PACTO DE ESTADO POLA INDUSTRIA

**Redacción.-** O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, manifestou que os fondos de recuperación son unha oportunidade para transformar a industria do noso país, pero é necesario un consenso social e político para establecer unha estratexia industrial. Valorou o anteproxecto da Lei de industria, porque será bo para a clase traballadora, pero necesítase que esta Lei ademais de ser unha realidade, canto antes, mantéñase no tempo e non se cambie en función da cor política do goberno de quenda.

Lembrou que o PIB industrial en España en 2021 foi do 15,3% e hai que chegar ao 30% e que a industria emprega a máis de dous millóns de traballadores e traballadoras. Así mesmo, apelou a potenciar a industria desde a colaboración público-privada.

Deberase contar coa colaboración de empresas matrices e tamén coas pemes do noso país.

Pepe Álvarez demandou que os Proxectos estratéxicos para a recuperación e a transformación económica (PERTEs) se executen canto antes. Só o 29% dos fondos públicos dispoñibles da primeira fase do Plan de Recuperación están comprometidos e algúns, como o agroalimentario, non chegan nin ao 20%. Ao mesmo tempo, pediu que se amplíen os prazos para presentar estes proxectos, que se produzan consultas coas principais empresas do sector e establecer comisións de seguimento dos PERTEs, coa



participación dos sindicatos, para ver se se están cumprindo obxectivos e establecer solucións se non é así. Ademais, puxo de manifesto a importancia de traballar no desenvolvemento da Formación Profesional Dual, afirmando que “é momento de deixar de falar e empezar a facer”.

## É FUNDAMENTAL DIGNIFICAR AS CONDICIÓNS DE TRABALLO DO SECTOR DA DEPENDENCIA

**Redacción.-** A vicesecretaria xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, interviu nunha xornada sobre coidados organizada por CLECE e El Español, onde reclamou maior financiamento para o sector e un impulso ao diálogo social para mellorar a situación das mulleres que traballan na dependencia

“A Lei de Dependencia foi froito do diálogo social”, considerou. “É fundamental continuar impulsando esta lei a través do diálogo e o consenso porque é o cuarto pilar do Estado de Benestar e é un dereito en si mesmo”.

Para Cristina Antoñanzas, “estes últimos anos, a situación foi moi complicada, con recortes continuados no seu financiamento. A pesar de que os últimos PXE aumentaron a dotación á dependencia, continúa sendo insuficiente para que chegue a todos os puntos do país. Por iso, as comunidades autónomas teñen moita importancia en que esta lei, co financiamento actual, desenvólvese en todos os territorios. A dependencia non entende de política, senón de persoas, e hai que tratalas dignamente”.

Neste sentido, esixiu tamén ás empre-

sas “e á sociedade no seu conxunto, que dignifiquen os coidados e ás mulleres que coidan. É imprescindible profesionalizar o sector para que haxa unhas mellores condicións de traballo para estas persoas. Estamos a loitar na negociación colectiva por mellorar condicións neste sector, pero as empresas teñen que aplicar os convenios que se asinan, igual que o sector público, que debe velar pola calidade das licitacións que dan e que moitas veces empeora a situación das persoas traballadoras”.

### Melloras para o PERTE e a Lei de Familias

Durante a súa intervención, a vicesecretaria xeral de UGT reclamou unha serie de melloras para o sector, como “un PERTE de Economía Social e Coidados máis completo que flúa do diálogo social, que sexa transversal e cunha coordinación completa entre os ministerios do Goberno. Os coida-



dos non son entes estancos, necesitamos os ao longo de toda a nosa vida”.

Ademais, manifestou a necesidade de mellorar a Lei de Familias Lei de servizos sociais que “achega unha serie de permisos que se teñen que completar. Non podemos invisibilizar os coidados que facemos as mulleres, porque cando os permisos son retribuídos solicítanse ao 50%, e cando non son retribuídos, solicítámolos ao 90% as mulleres. Débense impulsar permisos retribuídos sempre para que non sexa en todo momento a carga das mulleres”.

## UGT RECLAMA MEDIDAS PREVENTIVAS ANTE A ONDA DE FRÍO

**Redacción.-** A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores reclama que as empresas avalien o risco de exposición ao frío e adopten as medidas preventivas necesarias para evitar accidentes laborais, ante a situación actual de temperaturas que nalgúns puntos de España pode alcanzar os -15°C

UGT lembra que a temperaturas por baixo de 5°C, e con máis motivo a temperaturas baixo cero, o risco é inmediato para as persoas traballadoras, podendo experimentar dor polo frío e descendendo a destreza manual e mental e a capacidade física de traballo. A conxelación e a hipotermia tamén son consecuencias da exposición ao frío e ademais aumenta o risco de padecer trastornos musculoesqueléticos.

O sindicato lembra que, nos traballos ao aire libre, en altitude, naqueles que se está en contacto con auga fría, pero tamén naqueles que se dan dentro dun local en ambientes fríos (como os desempeñados en casetas sen calefacción ou en cámaras frigoríficas) débese avaliar o risco de estrés térmico por frío e implantar medidas preventivas que limiten e reduzan a exposición a estas baixas temperaturas. Como com-

plemento, as persoas traballadoras deben recibir formación e información sobre os riscos do traballo en ambientes fríos e ter en conta as características da persoa traballadora. Por exemplo, as persoas de maior idade teñen menos tolerancia ao frío, as mulleres teñen maior risco de lesións nas súas extremidades debido ao frío ou aqueles con problemas de circulación son máis propensos a sufrir estrés térmico.

En canto ás medidas preventivas en ambientes interiores, para UGT, deben ir encamiñadas a modificar as instalacións mediante técnicas de enxeñaría: sistemas de calefacción, refrixeración ou illamento térmico. En ambientes exteriores, as medidas de protección que se deben aplicar son, principalmente, levar roupa de protección adecuada ou o control da exposición ás baixas temperaturas. A roupa de traba-



llo deberá ser ergonómica e permitir o movemento da persoa traballadora e deberá cambiarse sempre que se atope húmida.

Ademais, o sindicato reclama a necesidade de realizar alternancia de tarefas, organizar os traballos ao aire libre tendo en conta a previsión meteorolóxica, evitar traballos en solitario ou illados, facilitar axudas mecánicas para reducir os traballos manuais a baixas temperaturas ou realizar pausas en lugares habilitados que dispoñan de calefacción.

## UGT CREA O OBSERVATORIO PARA O SEGUIMENTO E AVALIACIÓN DA REFORMA LABORAL

**Redacción.**- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, e o vicesecretario xeral de Política Sindical, Fernando Luján, presentaron en rolda de prensa este observatorio, impulsado xunto á Universidade Autónoma de Madrid (UAM) e a Universidade Carlos III de Madrid (UC3M), e un informe onde se realiza un balance do ano en vigor da reforma laboral

Un Observatorio que, como sinalou Pepe Álvarez, “tennos que levar a visualizar mellor os problemas que hai no mercado de traballo e darlles resposta co fin de que a reforma laboral sexa un instrumento de creación de emprego estable e de calidade para as empresas e as persoas traballadoras deste país”. Un observatorio que “detecte, vixíe, impulse ou denuncie a adaptación da reforma laboral nas empresas, que moitas veces son remisas ao seu cumprimento”.

Cuestións tan importantes como o despedimento, que “hai que regulalo neste país. É a segunda pata desta reforma e xa presentamos unha demanda a nivel europeo contra España por esta cuestión. O custo do despedimento inxustificable é insuficiente de xeito evidente. Deberíamos crear unha mesa co Goberno onde avancemos en como podemos trasladar á lexislación española un custo digno do despedimento, ao nivel europeo, antes de que se anuncie a resolución do Comité Europeo de Dereitos Sociais da Unión Europea”.

Para Pepe Álvarez, a reforma laboral aprobada o 28 de decembro, “filla do consenso e do acordo social, foi un éxito rotundo e é moi positiva para o mercado de traballo, e para as empresas e persoas traballadoras deste país. É un feito obxectivo que se demostrou ao longo deste ano. Con esta reforma, diminuíu a precariedade laboral, xa que se reduciu a taxa de tempo-

ralidade en 12 puntos e aumentouse a contratación indefinida”.

Ademais, como sinalou, “axudou a que se establecesse a negociación colectiva, igualando as relacións laborais ata o punto de que, sen ela, teríamos que asinar moitos convenios colectivos en condicións miserables para as persoas traballadoras; priorizou o convenio de sector por encima do de empresa, aínda que hai moitas empresas, como as multiservizos, que están a atrasar a súa aplicación por este motivo; e incorporou á lexislación, elementos tan importantes durante a COVID como os ERTE, que posibilita que a flexibilidade interna nas empresas xa non se realice con despedimentos, senón mediante axustes temporais”.

### O PP debe expoñer en campaña se apoia ou non esta reforma

Durante a súa intervención, o secretario xeral de UGT considerou que “o sindicato vai ir ao proceso electoral que se abre en 2023 coa intención de que os partidos políticos, especialmente o PP, expoñan de maneira pública cal é a súa intención con esta e outras reformas. Xa aseguraron que, se chegan a gobernar, a van derrogar, pero téñeno que expoñer á cidadanía en campaña electoral”.

Neste sentido, afirmou que “os 7 millóns de contratos indefinidos que se fixeron neste país grazas a esta reforma laboral son persoas que melloraron as súas condicións de vida”.

Por iso, esixiu ao PP que “despexe esa incógnita a toda a cidadanía en relación a esta cuestión, ou noutras como a reforma das pensións, se ten pensado no momento que governe volver subilas un 0,25%, como

incluíu a súa anterior reforma, en lugar do 8,5% que se revalorizaron este ano”.

### A reforma mellorou as condicións de vida e traballo das mulleres e as persoas mozas

Pola súa banda, o vicesecretario xeral de Política Sindical de UGT, Fernando Luján, expuxo datos contundentes dos efectos da reforma laboral no mercado de traballo durante o último ano. “Hai 1,2 millóns de persoas máis con contrato indefinido a tempo completo en decembro de 2022 en relación a decembro de 2021; aumentaron os contratos a tempo parcial e tamén os fixos discontinuos, con case 9 millóns de persoas con contrato indefinido, 2,3 millóns de persoas con contrato a tempo parcial e 833.000 fixos discontinuos en período de actividade”.

### Ademais, “reducíronse en máis de 1 millón os contratos temporais, e en máis de 800.000 os contratos temporais a tempo parcial”.

Unha reforma laboral que “supón un cambio de paradigma contra a precariedade deste país, que posibilitou a mellora das condicións de vida e traballo para as mulleres e as persoas mozas. Existen 430.000 contratos máis indefinidos para as mulleres e as que teñen un contrato temporal diminuíron en 308.000 persoas, polo que claramente estase dando un transvasamento de mulleres con contrato temporal a indefinido; e para os mozos, hai 150.000 contratos máis indefinidos a tempo completo, e 117.000 persoas mozas menos con contrato temporal, aumentando os contratos totais para a mocidade, o que claramente ofrece unha realidade positiva para as persoas traballadoras deste país”.

## O GOBERNO TEN QUE TOMAR UNHA DECISIÓN SOBRE O SMI XA

**Redacción.**- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, foi entrevistado en TVE onde subliñou que é necesario que o Executivo adopte de maneira urxente unha decisión sobre a subida do SMI para 2023 porque o aumento desta renda ten efectos positivos sobre a economía, e é beneficiosa, ademais, para avanzar cara á igualdade e reducir a pobreza.

Pepe Álvarez insistiu en que o sindicato avoga por unha subida do 10%, ata os 1.100 euros, e subliñou que, se as cantidades propostas polo Goberno son máis baixas, non

contarán co apoio de UGT.

Nese sentido, incidiu en que a patronal debería abandonar esa posición de bloqueo ante a subida do SMI e dos salarios que non beneficia ao país e explicou que UGT e CCOO están a pechar unha nova proposta conxunta sobre a idea de adaptar a subida de salarios e a cláusula de revisión aos beneficios empresariais que entregarán pronto.

Preguntado pola xornalista sobre o salario medio dos banqueiros en España, Pepe Álvarez manifestou que é “un escándalo”

que, “despois da reconversión sufrida polo sector e as axudas recibidas polos bancos” na crise anterior, “as entidades financeiras teñan eses salarios e que, no caso de España, dobreuse o número de directivos que gañan máis dun millón de euros ao ano”.

“É necesario, como fixeron noutros países, que as rendas máis altas teñan referencia co salario medio e o salario máis baixo nunha empresa. Non pode ser que en España haxa directivos que cobren máis de 100 veces que outros traballadores da empresa”.